



## **Novos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop) no ámbito educativo**

No día de hoxe publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a [Resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia \(Cecop\), do 5 de maio de 2020](#) que, no ámbito educativo, estableceu os seguintes acordos:

– **Acordo sobre o restablecemento do procedemento de admisión de alumnado do 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2020/21.**

### **1. Prazo de presentación de solicitudes de admisión.**

Restablecerase o prazo para a presentación das solicitudes de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, polo tempo que restaba cando se declarou o estado de alarma, de xeito que se iniciará o día 11 de maio de 2020 e rematará o día 18 do mesmo mes.

### **2. Novos prazos do procedemento.**

a) De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os demais prazos do procedemento de admisión reduciranse á metade.

#### **b) Novos prazos do proceso:**

● **Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: ata o día 26 de maio de 2020.**

● **Publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido: antes do 9 de xuño de 2020.**

● **Poderanse formular reclamacións contra as listaxes provisionais no prazo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación.**

- Publicación das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido: ata o 26 de xuño de 2020.

- Formalización da matrícula en educación infantil e primaria: do 1 ao 10 xullo de 2020.

- Formalización da matrícula ordinaria en educación secundaria obrigatoria e bacharelato: do 1 ao 10 xullo. Prazo extraordinario: do 1 ao 10 de setembro de 2020.

Arteixo a 6 de maio de 2020

A Dirección